

Concello de San Sadurniño

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de marzo de 2023
Duración	Desde as 19:30 ata as 20:15 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Secundino García Casal
Secretario	Olalla Alvarez de Neyra Martinez

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
32706795J	Araceli Bellas Castro	SÍ
76403948H	José Luis Hermida Prieto	SÍ
32665954C	Lois Anxo Rodríguez Calvo	SÍ
32650976S	Manuel Beceiro Couce	SÍ
32626037P	Manuel Varela Mecías	SÍ
32647647K	María Amparo Calvo González	SÍ
76413184P	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
32680363P	María Carmen Muíño Filgueira	SÍ
32696031J	María Esther Díaz Vergara	SÍ
32643269J	Secundino García Casal	SÍ
32653802N	Tomás Calvo García	SÍ



Concello de San Sadurniño

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación de actas de sesións anteriores

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Póñense a disposición dos Sres. Concelleiros as actas das sesións ordinarias de 29 de setembro de 2022 e 26 de xaneiro de 2023, así como a extraordinaria e urxente de 9 de febreiro de 2023, aprobándose por unanimidade.

Expediente 263/2023. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

DICTAME DA COMISION DE ASUNTOS DO PLENO:

Intervén don Manuel Varela, como voceiro do grupo municipal do BNG, para sinalar que ao tratarse dun expediente fundamentalmente técnico, da a palabra á Secretaria - Interventora. A Secretaria-Interventora expón que se trata dun recoñecemento extraxudicial de crédito referido exclusivamente a facturas de electricidade e gas, e expón que por unha banda existe unha dotación específica no proxecto de orzamento 2023, para evitar que a aprobación de este expediente consuma crédito do exercicio presente e, por outra, tráese o asunto á presente sesión con carácter condicionado á aprobación definitiva do orzamento para poder adiantar o trámite de aprobación plenaria.

Intervén dona Belén Trigo, do grupo municipal do PP, que pregunta se non era posible realizar unha modificación orzamentaria dentro do exercicio 2022 para dar cobertura a estas facturas, indicándose pola Secretaria-Interventora que sí existe esa posibilidade, e pregunta tamén se existiu algún tipo de intimación por parte da empresa acreedora respecto do impago, sinalándose pola Secretaria-Interventora que non existiu, en parte porque ao tratarse de suministro eléctrico de servizos básicos non existe a posibilidade de restrinxir dito suministro e, en parte, como se sinala no informe que consta no expediente, pola existencia dunha confianza lexítima por parte da empresa.

Sen producirse máis intervencións, sométese a votación o corpo do asunto da orde do día: Vista a existencia de obrigas económicas pendentes de pago e imputación orzamentaria adquiridas no exercicio 2022 e cuxo importe ascende a 151.430,00 euros.

Visto que quedou acreditado que as obrigas económicas pendentes o foron por falta de crédito no orzamento de imputación de orixe, traendo causa de contratos de tracto sucesivo de subministro de enerxía, de carácter esencial para a prestación dos servizos públicos,

LEXISLACIÓN APLICABLE

— Os artigos 163, 173.5 e 176 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— Os artigos 25.1, 26.1, 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se



Concello de San Sadurniño

desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

— *Os artigos 47, 106, 108 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

— *O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local*

— *O artigo 129 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*

Examinado o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, vistos os artigos 163, 173.5 e 176 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de Facendas Locais, 25.1, 26.1 e 60.2 do Real Decreto 500/1990, orzamentario, e 47, 106, 108 e 110 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común, entre outros, así como a dotación ao gasto do título xurídico necesario para a súa imputación no proxecto de orzamento para 2023, a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por 4 votos a favor dos grupos municipais do BNG e PSOE e a abstención do grupo municipal do PP, dictamina favorablemente os seguintes acordos para o seu sometemento a acordo plenario:

PRIMEIRO. *Aprobar, a liquidación das cantidades a satisfacer derivadas das prestacións referidas pertencentes ao exercicio 2022, pola cantidade de 151.430,00 euros, segundo consta no listado que obra no expediente, por considerar que existen razóns de interese público que aconsellan non acudir á vía da revisión de oficio polos graves prexuízos que iso podería ocasionar para os administrados e para o terceiro que actúa de boa fe.*

SEGUNDO. *Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos indicados no anexo á presente proposta correspondentes ao exercicio 2022, condicionando a aplicación dos correspondentes créditos á aplicación orzamentaria 2023/1650.22100 ata o momento da aprobación definitiva do Orzamento 2023.*

Intervén dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, para sinalar que se aborda o recoñecemento extraxudicial de créditos por falta de crédito suficiente no 2022 para asumir a suba do custo da enerxía máis aló do razoablemente previsible por un importe de 151.430€. Sinala que é un instrumento de carácter orzamentario para aplicar obrigas de exercicios anteriores ao corrente e obedece ao aumento abusivo de custo da enerxía que sofren non só as Administracións Públicas senón os cidadáns e as empresas.

Intervén don Lois Anxo Rodríguez, do grupo mixto, para sinalar que como xa indicou na Comisión, entende que se trata dunha cuestión máis técnica que outra cousa e anuncia o seu voto a favor.

Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, que sinala que na Comisión preguntou en relación ao pagamento se sería viable unha modificación de crédito no seu momento, xa que dende o mes oito non se pagan estas facturas e entende que era máis factible por unha modificación de crédito, que entende que deben aboarse as facturas pero considera máis axeitado acudir a unha modificación orzamentaria que a un recoñecemento extraxudicial, e por tanto anuncia a abstención do seu grupo.

Intervén novamente dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, que sinala que é unha cuestión valorable sobre a vía máis oportuna e, en tal sentido, agradece tamén a oportunidade de poder explicar que este aumento desmedido de prezos (refire o prezo máis alto da luz o 8 de marzo de 2022 e o mes de agosto de 2022 como mes co promedio de prezos máis alto da historia) ten un impacto rápido nas contas municipais, reflíctese axiña. Sinala tamén que no mes de marzo de 2022 presentouse un rogo no Pleno da Deputación para apoio aos Concellos nesta circunstancia, un rogo do grupo do PP, sinalando que a Xunta de Galicia,



Concello de San Sadurniño

gobernada por esta mesma formación, non prestou ningún tipo de apoio neste sentido. En referencia, a Deputación Provincial de A Coruña aprobou un POS Adicional que podía xustificarse con gasto corrente no mes de xullo. Sinala que San Sadurniño decidiu priorizar a adicación dos fondos municipais en servizos para a cidadanía e investimentos para os veciños en lugar de priorizar un aumento de custos que da uns beneficios desorbitados ao final do ano ás eléctricas (sinala o aumento do 77% de Iberdrola ou o 32% de Naturgy). Sinala que o goberno municipal elixe este mecanismo do recoñecemento extraxudicial para facer frente ao pago e prioriza os gastos que teñen incidencia en servizos directos aos veciños. Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, para indicar que non se trata de priorizar, senon de aplicar un mecanismo ou outro e había remanente de tesouraría suficiente. Intervén don Secundino García, Alcalde, para sinalar que é certo, que era unha opción, pero que o Concello sabía que esta situación non poñía en risco as grandes empresas suministradoras, que a decisión sería distinta de ser afectadas pequenas empresas ou autónomos.

Estimándose suficientemente debatido o asunto da orde do día, sométese a votación, aprobándose polo Pleno da Corporación, por 8 votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais do BNG e Mixto e 3 abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PP, os seguintes asuntos:

PRIMEIRO. Aprobar, a liquidación das cantidades a satisfacer derivadas das prestacións referidas pertencentes ao exercicio 2022, pola cantidade de 151.430,00 euros, segundo consta no listado que obra no expediente, por considerar que existen razóns de interese público que aconsellan non acudir á vía da revisión de oficio polos graves prexuízos que iso podería ocasionar para os administrados e para o terceiro que actúa de boa fe.

SEGUNDO. Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos indicados no anexo á presente proposta correspondentes ao exercicio 2022, condicionando a aplicación dos correspondentes créditos á aplicación orzamentaria 2023/1650.22100 ata o momento da aprobación definitiva do Orzamento 2023.

Expediente 67/2023. Elaboración e Aprobación do Orzamento 2023

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA:

Coa referencia da proposta de Alcaldía que obra no expediente, intervén don Manuel Varela, actuando como voceiro do grupo municipal do BNG, para facer referencia á documentación existente e sinalar que o orzamento leva un importante traballo técnico detrás para poder orzamentar o máis axustado posible á realidade, se ben non pode olvidarse que se trata dun documento vivo que pode verse modificado no tempo.

Refírese, asimesmo, que existe un aumento global de aproximadamente un 16% sobre o orzamento 2022, se ben debe matizarse o feito de que existen varias subvencións xa concedidas ou en trámite e que por tanto non é unha suba real en gastos que se vaia cumprir necesariamente.



Concello de San Sadurniño

Tamén indica, sinalando a memoria de alcaldía que consta no expediente, que debe facerse certa crítica á Xunta de Galicia, debido a que o Fondo de Cooperación Local atópase estancado mais os custos que asumen os Concellos non deixa de subir, tanto referidos ao incremento enerxético como de prestación dos mesmos, sen que se mova a aportación autonómica.

Intervén don Lois Anxo Rodríguez, do grupo Mixto, para sinalar que anuncia a súa abstención en atención a que non tivo oportunidade de analizar polo miúdo a documentación do punto da orde do día.

Intervén dona Belén Trigo, do grupo municipal do PP, que sinala a existencia dun erro totalizador na proposta de alcaldía, xa que non se reflectiu o importe do capítulo VII de gastos, que figura a 0 en lugar de poñer 40.400,00€ que é o importe correcto. A Secretaria-Interventora admite o erro material e a súa corrección para a proposta ao pleno.

Pregunta tamén dona Belén Trigo se se lle pode aclarar respecto da Asociación de Igrexafeita se existen dúas subvencións previstas, indicándoselle por D. Manuel Varela que existe unha subvención nominativa para pintado do local, xa que aínda que é de titularidade da asociación, é certo que o Concello fai uso do mesmo como local social, e existe por outra banda unha previsión de subvencións por concorrencia para traídas de titularidade privada. Sinala dona Belén Trigo que aínda teñen información e documentación que analizar e por ese motivo vai absterse.

Sen producirse máis intervencións, procédese á votación do corpo do asunto:

Considerando que pola Alcaldía se incoou expediente para a aprobación do orzamento municipal do exercicio 2023.

Considerando que se emitiu informe xurídico sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Considerando que se informa pola Intervención sobre a aprobación do orzamento municipal e informe de control permanente previo sobre o cálculo da Estabilidade Orzamentaria e a Sustentabilidade.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno ditamina favorablemente, por tres votos a favor do grupo municipal do BNG e dous abstencións dos grupos municipais do PP e Mixto, para o sometemento ao Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2023, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.682.350,25 €
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	3.070.363,56 €
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	1.356.487,58 €
CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	1.548.650,98 €
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	2.635,00 €
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	162.590,00 €



Concello de San Sadurniño

A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	611.986,69 €
<i>CAPÍTULO 6: Invetimentos Reais</i>	571.586,69 €
<i>CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital</i>	40.400,00 €
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00 €
<i>CAPÍTULO 8: Activos Financeiros</i>	0,00 €
<i>CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros</i>	0,00 €
TOTAL:	3.682.350,25 €

ESTADO DE INGRESOS

A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.682.350,25 €
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	3.249.299,27 €
<i>CAPÍTULO 1: Impostos Directos</i>	729.000,00 €
<i>CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos</i>	30.000,00 €
<i>CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos</i>	470.000,00 €
<i>CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes</i>	2.020.199,27 €
<i>CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais</i>	100,00 €
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	433.050,98 €
<i>CAPÍTULO 6: Alleamento de Invetimentos Reais</i>	0,00 €
<i>CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital</i>	433.050,98 €
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00 €
<i>CAPÍTULO 8: Activos Financeiros</i>	0,00 €
<i>CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros</i>	0,00 €
TOTAL:	3.682.350,25 €

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o persoal de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2023, as Bases de Execución e demais documentación aprobada, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como á da Comunidade Autónoma nos termos por elas indicados.

Intervén dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, quen inicia agradecendo o traballo, rigor e colaboración dos técnicos do Concello para a elaboración dun proxecto de



Concello de San Sadurniño

orxamentos responsable, realista e millorado na parte contitativa e cualitativa. Sinala que o aumento dun 16% no importe do orxamento é froito do bo facer dos técnicos tamén e que na parte cualitativa esta contía permite reforzar políticas e áreas de actuación política que se estiman prioritarias. Indica que o aumento contitativo ten lugar fundamentalmente nos capítulos 3 e 4 de ingresos, pero sen aumento da presión fiscal, aínda que debe mencionar a escasa sensibilidade do goberno galego, que ten conxelado o Fondo de Cooperación Local dende hai unha década, escasa sensibilidade tamén no que se refire ao reforzo de servizos fundamentais para a cidadanía, como o de Axuda a Domicilio, xa non para cubrir o custo do mesmo, senón alo menos unha parte importante deste. Por áreas, sinala que trata de reforzar a dotación de servizos municipais públicos de calidade, cunha dotación suficiente de persoal e de medios e tamén para proxectos estratéxicos para o desenvolvemento local, impulsando novas formas de xestión, como o caso da xestión de comunidades veciñas de auga.

Continúa indicando que se plantexa un esforzo para manter uns servizos sociais de calidade, a Escola Infantil, en concreto, sinala que debe incidirse novamente no impacto que nos fondos municipais ten o mantemento do servizo cando a achega da Xunta non alcanza nin a metade do que ingresaba o Concello, e menciona tamén o servizo de Axuda a Domicilio, especialmente en dependencia, e fai tamén referencia ao desenrolo de actividades dinámicas con oferta cultural, deportiva e de ocio para todos os públicos.

Considera tamén que o orxamento non é un documento ríxido, senón que se deseña pensando que ten de ser un documento flexible que poida adaptarse ás circunstancias e á cidadanía, razoando que a pandemia neste sentido foi incidente, e indica que a pesar de que existe un importe superior ao exercicio anterior, o orxamento foi realizado baixo un criterio de prudencia, partindo dos datos da liquidación anterior, consignando ingresos de subvencións xa confirmadas, sendo que incluso algunhas que están en trámite non foron previstas.

Intervén don Lois Anxo Rodríguez, do Grupo Mixto, para sinalar que na súa opinión o orxamento é un documento complexo e que leva tempo analizalo, tempo do que non dispuxo, polo que, por responsabilidade, anuncia a súa abstención.

Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, que sinala que revisada a documentación observa unha suba aproximada xeral de 500.000,00€, que a suba dase nos gastos correntes, correlativamente nos ingresos, e que entende que debería considerarse a posibilidade de reducir o importe dos gastos correntes. Os investimentos, pola súa banda, indica que baixan un 5%, polo que entenden que hai menos actuacións. Tamén hai un aumento do capítulo 7 de gastos, coa previsión dunha subvención nominativa a unha asociación que ten local propio e se lle atribúe para unha reforma, igual que no seu momento se fixo para Naraío. Tamén sinala a existencia dunha dotación para traidas e unha aportación para A Fusquenlla e indica que non saben se todos os Concellos poñen o mesmo pero lles parece pouco importa para poñer en marcha o proxecto.

Indica que o capítulo de taxas non sobe moito pero, fundamentalmente, consideran que existe un exceso de gastos correntes que debe revisarse. Son conscientes de que a enerxía sube pero entenden que deben revisarse os puntos que teñan un consumo máis alto. Anuncia, finalmente, a abstención do seu grupo.

Intervén dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, que sinala que, efectivamente, existe un aumento pero que se distribúe entre as diferentes áreas e en distintos capítulos. Respecto do custo da enerxía, indica que é un aspecto importante e debe preverse o aumento orxamentario, se ben con carácter xeral debe considerarse o aumento de todos os custos para todos os servizos. Sinala que respecto das propostas de investimento xa sinalou



Concello de San Sadurniño

que os proxectos que van incluídos é por un criterio de prudencia en materia de confirmación da subvención, indicando que se superará con creces o importe do ano anterior ao materializarse outras solicitudes. Puntualiza respecto da subvención nominativa de investimento que é un local privado e a asociación non se beneficia do mantemento municipal como ocorre noutros locais, e respecto da subvención para traídas indica que se trata de promocionar outro tipo de xestión. Polo que respecta á Fusquenlla, sinala que está prevista a aportación polos Concellos participantes, pero esta non é a única aportación ao proxecto, xa que se está a acudir a outras entidades. Finalmente, respecto das taxas municipais, sinala que o capítulo 3 se corresponde coa liquidación do ano 2022 e é unha estimación realista acorde coa contabilidade.

Estimado suficientemente debatido o asunto, sométese a votación, aprobándose por 7 votos a favor do grupo municipal do BNG e 4 abstencións dos grupos municipais do PP e Mixto os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2023, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.682.350,25 €
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	3.070.363,56 €
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	1.356.487,58 €
CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	1.548.650,98 €
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	2.635,00 €
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	162.590,00 €
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	611.986,69 €
CAPÍTULO 6: Investimentos Reais	571.586,69 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	40.400,00 €
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL:	3.682.350,25 €

ESTADO DE INGRESOS

A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.682.350,25 €
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	3.249.299,27 €
CAPÍTULO 1: Impostos Directos	729.000,00 €
CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos	30.000,00 €
CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos	470.000,00 €



Concello de San Sadurniño

CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	2.020.199,27 €
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	100,00 €
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	433.050,98 €
CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	0,00 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	433.050,98 €
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL:	3.682.350,25 €

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o persoal de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2023, as Bases de Execución e demais documentación aprobada, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como á da Comunidade Autónoma nos termos por elas indicados.

Expediente 1/2022. Modificación Mesa Local Violencia Xénero

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

DITAME DA COMISION INFORMATIVA

Intervén don Manuel Varela, como voceiro do grupo municipal do BNG, para sinalar que se trata de variar a composición da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero para ampliar coa inclusión dunha representación do Lavadoiro e para determinar a representación técnica do Concello de San Sadurniño.

Por dona Belén Trigo, do grupo municipal do PP, pregúntase acerca de si xa existía representación do Concello de Moeche, indicándose que, efectivamente, dita representación modificouse no ano 2019, en que a Mesa pasou de ser local exclusiva do Concello de San Sadurniño para conter a ambos concellos.

Sen producirse máis intervencións, sométese a votación o corpo do asunto da orde do día:

Por acordo plenario de 9 de xaneiro de 2016 creouse a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero no Concello de San Sadurniño, como instrumento operativo no que están representados todos os ámbitos municipais implicados na loita contra a violencia de xénero, co obxecto de procurar unha maior eficiencia de resposta ante a grave vulneración de dereitos que supón a violencia de xénero,



Concello de San Sadurniño

Esta Mesa Local naceu vencellada ao Plan de Igualdade de oportunidades de homes e mulleres do concello de San Sadurniño, que atópase agora recén aprobada a súa IV versión, na que figura entre os seus obxectivos a revivificación deste recurso,

No ano 2019 chegouse a un acordo co Concello de Moeche para a modificación da composición desta Mesa Local, de xeito que servise a obxectivos non só de San Sadurniño senón de funcionamento conxunto,

Actualmente, dentro do compromiso da persecución do obxectivo de promover, dentro do ámbito da Mesa Local, políticas e actuacións para a erradicación da violencia de xénero e considerando que existe a posibilidade de acudir a máis profesionais e persoas que traballan activamente dentro deste obxectivo e cuxa aportación é necesaria para a funcionalidade total da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero,

A Comisión Informativa de Asuntos de Pleno, por unanimidade, ditamina favorablemente os seguintes acordos para o seu sometemento ao Pleno da Corporación:

Primeiro: *modificar a composición da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, que pasará a ser a seguinte:*

- *Presidencia: O alcalde de San Sadurniño ou concelleiro/a en quen delegue*
- *Secretaría: Un membro do persoal técnico dos servizos sociais municipais de San Sadurniño*
- *Vogais:*

**Os/as concelleiros/as que ostenten competencias en materia de violencia de xénero*

**Un membro do persoal técnico dos servizos sociais de San Sadurniño*

**Un membro do persoal técnico dos servizos sociais de Moeche*

**O/a responsábel do posto da Garda Civil de San Sadurniño*

**Un/unha representante do CPI de San Sadurniño*

**Un/unha representante do PAC de San Sadurniño*

**Un/unha representante da entidade “O Lavadoiro”*

Segundo: *designar como membros do persoal técnico dos servizos sociais de San Sadurniño ás/aos titulares dos postos de Traballador/a Social e Educador/a Familiar*

Terceiro: *notificar o presente acordo á entidade “O lavadoiro” para a designación, no seu caso, da representación oportuna.*

Inicia o debate dona María Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, sinalando que se trata de modificar a composición da Mesa Local contra a Violencia de Xénero, creada no 2016 ao abeiro do Plan de Igualdade de aquel entón, para reforzar a eficiencia das actuacións de prevención e intervención na violencia machista. No 2019, sinala, xa foi modificada para incluír ao Concello de Moeche por proximidade e por compartir recursos. Agora, co IV Plan de Igualdade valorouse a incorporación da asociación do Lavadoiro para mellorar o espírito de eficiencia e coordinación.

Intervén don Lois Anxo Rodríguez, do Grupo Mixto, que anuncia o seu voto a favor.

Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, que valora positivamente a proposta e indica que lle parece ben que haxa Plan de Igualdade e Mesa Local contra a Violencia de Xénero para axudar, resolver, mellorar... considera que O Lavadoiro é un bo instrumento, pero pregunta ao equipo de goberno cómo pode ser que o BNG vote en Madrid a favor dunha Lei que implica a baixada de penas para delitos desta natureza.



Concello de San Sadurniño

Replica dona María Muiño, do grupo municipal do BNG, que agradece a boa valoración dos recursos activados e sinala que a violencia machista é preocupante e considera que actualmente está sendo minimizada e cuestionada incluso por determinados sectores e con incidencia na xuventude, véndose agresións en xente moi nova. Indica que o BNG está comprometido en apoiar calquera avance na protección das vítimas da violencia machista, e na consideración de que non son as vítimas as que teñen que xustificar ou dar conta absolutamente de nada. Entende que hai cousas que se deben analizar e cuestionar e certamente consecuencias non desexables por unha mala redacción que pode perxudicar ás propias vítimas, e neste senso sinala que o BNG é consecuente neste punto e considera que é mellorable, pero entende que hai que ser responsable con este tipo de cuestións e evitar a demagogia e a utilización política, polo que pide ás diferentes formacións, nomeadamente o PP e outras formacións de extrema dereita, que nas súas intervencións e cuestións acerca da Lei non deixen dúbida nin posibilidade de cuestionamento de que poida facerse un uso político ou partidista da violencia machista. Está de acordo en que debe modificarse a Lei, pero ese aspecto parcial entende que non debe dar un resquicio de cuestionamento ou minimización da violencia de xénero e considera que débese ser especialmente consecuente dende determinadas posicións e ter coidado cos discursos que poidan alimentar este tipo de conductas, e neste punto indica que o BNG pode ter a conciencia tranquila da súa responsabilidade e de ser consecuente, preguntándose se outras formacións tamén.

Estimándose suficientemente debatido o asunto da orde do día, sométese a votación, aprobándose por unanimidade dos membros presentes os seguintes acordos:

Primeiro: modificar a composición da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, que pasará a ser a seguinte:

- Presidencia: O alcalde de San Sadurniño ou concelleiro/a en quen delegue
- Secretaría: Un membro do persoal técnico dos servizos sociais municipais de San Sadurniño
- Vogais:

*Os/as concelleiros/as que ostenten competencias en materia de violencia de xénero

*Un membro do persoal técnico dos servizos sociais de San Sadurniño

*Un membro do persoal técnico dos servizos sociais de Moeche

*O/a responsábel do posto da Garda Civil de San Sadurniño

*Un/unha representante do CPI de San Sadurniño

*Un/unha representante do PAC de San Sadurniño

*Un/unha representante da entidade “O Lavadoiro”

Segundo: designar como membros do persoal técnico dos servizos sociais de San Sadurniño ás/aos titulares dos postos de Traballador/a Social e Educador/a Familiar

Terceiro: notificar o presente acordo á entidade “O lavadoiro” para a designación, no seu caso, da representación oportuna.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



Concello de San Sadurniño

Dación de conta de remisións informacion

Non se producen intervencións

Dación de conta Decretos de Alcaldía 36/2023 ao 193/2023

Non se producen intervencións

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogos e preguntas

Intervén don Jose Luis Hermida, do grupo municipal do PP, para preguntar pola sinal de velocidade máxima de 70 km/h en Cornide, que xa se comentara noutro pleno anteriormente. Sinala que a estrada arranxouse pero está finalizada a obra e se se podería intervir para que o límite se baixe a 50 km/h.

Indica don Secundino García, Alcalde, que non ten problema en voltar a solicitalo, xa que non é unha vía municipal, e sinala que foi precisamente o goberno municipal do PP o que solicitou no seu momento que se subira de 50 a 70.

Don Jose Luis intervén para sinalar que lembra que o propio alcalde indicou que fora él o que pediu no seu momento a subida porque lle multaran nese punto.

O Sr. Alcalde indica que non foi así.

Intervén don Jose Luis Hermida para indicar que en Cornide están rebacheando ou asfaltando, e que observou que se está realizando sobre terra cunha capa moi pequena de grava, polo que roga que se mellore esa execución de obra, xa que estima que está mal executado e que as vías que se arranxen así non chegaran ben ao inverno.

O Sr. Alcalde sinala que por parte do equipo de goberno o que se pode comprometer é a que por parte dos técnicos se vixie que os adxudicatarios realizan os traballos conforme proxecto e que se comprobe nas certificacións a corrección dos mesmos.

Intervén don Lois Anxo Rodríguez, do Grupo Mixto, para sinalar que na súa opinión a denominación de rogos e preguntas ten certas reminiscencias dun pasado, xa que implica unha petición, un rogo implica un pedimento, e pregunta se é posible que se denomine suxestión ou propostas.

O Sr. Alcalde sinala que na súa opinión é unha cuestión semántica e pregunta á Secretaría, como asesora xurídica do Concello, se existe esa posibilidade.

A Secretaria intervén para sinalar que a denominación "rogos e preguntas" é unha denominación legal e que as propostas ou suxerencias no ámbito plenario teñen forma de mocións.

Intervén dona Belén Trigo, do grupo municipal do PP, para preguntar acerca do expediente da traída do Camiño Arriba.

Don Secundino García, Alcalde, sinala que mediante assemblea os veciños acordaron moi



Concello de San Sadurniño

maioritariamente a xestión por eles desa traída en lugar da xestión municipal e que se están dando os pasos administrativos para que se faga posible, que son complicados porque é unha traída de máis de 20 conexións, deben constituirse como comunidade e obter unha autorización de aproveitamento; que o que se refire ás obras están xa a pe de vivenda pero estase no trámite administrativo.

Pregunta dona Belén Trigo a quén corresponderían os gastos de control desa auga, sinalando o Sr. Alcalde que aos veciños, como xestores da traída, lles correspondería o mantemento e engade que o acordo de cesión ao que se chegaría no seu momento implicaría unha serie de condicionantes como o feito de que non puideran cobrar aos usuarios máis do que pagarían de xestionarse a rede polo Concello.

Pregunta dona María Esther Díaz, do grupo municipal do PP sobre unha inspección no consumo de auga na que se detectaron unhas deficiencias, sobre se as mesmas foron solventadas.

Resposta don Secundino García, Alcalde, que debe terse en conta que sobre o suministro de auga fanse controis e actas, algunhas periódicas e outras aleatorias, e que ás veces detéctanse disconformidades que non afectan á calidade da auga. E que este foi o caso, detectáronse disconformidades leves que non afectaban á calidade da auga, senon máis ben administrativas, e que están xa solventadas.

Pregunta dona María Esther Díaz, do grupo municipal do PP sobre un expediente de solicitude de xestor de residuos a nome do Concello que caducou, por qué razón se deixou caducar e cal era a idea.

Resposta don Secundino García, Alcalde, que pretendía adquirirse unha nave ou chegar a un acordo a longo prazo que permitira dispoñer da mesma para facer investimentos nelas, e acudiuse a unha liña de financiación dun préstamo sen xuros que saíu a final de ano, pero non deu tempo a tramitar todo. A intención era obter a autorización para almacenar RAEEs, para podelos ter ben almacenados e entregalos a xestor, e volverá a intentarse se existen novas liñas a que acollerse.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



nome	data	registro	procedemento
DECRETO 2023-0193 [Resolución de Alcaldía]	24/03/2023 13:12	159/2023	Peche e Liquidación do Orzamento
DECRETO 2023-0192 [Resolución Alcaldía]	24/03/2023 9:49	295/2023	Peticións de Espazos e Recursos
DECRETO 2023-0190 [Resolución de Alcaldía]	23/03/2023 15:16	260/2023	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0191 [Resolución de Alcaldía]	23/03/2023 15:16	260/2023	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0189 [Resolución de Alcaldía]	23/03/2023 15:16	260/2023	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0188 [Resolución de Alcaldía]	23/03/2023 14:34	260/2023	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0187 [Aprobación de padrón SUMIDOIROS 2022]	23/03/2023 14:29	294/2023	Padrón Fiscal
DECRETO 2023-0186 [Resolucion alcaldia acceso informacion]	23/03/2023 11:06	266/2022	Contratacións
DECRETO 2023-0185 [Resolución de Alcaldía]	22/03/2023 17:16	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0184 [Resolución de Alcaldía]	22/03/2023 16:29	241/2023	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0183 [Resolución de Alcaldía aprobando a Lista definitiva Peon/a]	22/03/2023 14:39	523/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2023-0182 [Resolución de Alcaldía aprobando a Lista definitiva Operario/a]	22/03/2023 14:39	522/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2023-0181 [Resolución de Alcaldía aprobando a Lista definitiva AuxSS]	22/03/2023 14:39	521/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2023-0180 [Resolución de Alcaldía]	21/03/2023 13:55	240/2023	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0179 [Resolución de Alcaldía]	21/03/2023 11:27	239/2023	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0178 [Resolución de Alcaldía]	21/03/2023 11:21	238/2023	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0177 [Decreto da convocatoria]	17/03/2023 14:41	JGL/2023/8	Convocatoria de Mesa de Negociación
DECRETO 2023-0176 [Decreto da convocatoria]	17/03/2023 12:56	MDN/2023/ 1	Convocatoria de Mesa de Negociación
DECRETO 2023-0175 [Resolución de Alcaldía]	17/03/2023 12:54	258/2023	Subvencións Solicitadas a Outra Administración
DECRETO 2023-0174 [Resolución de Alcaldía de Inicio]	16/03/2023 14:50	219/2023	Contratacións
DECRETO 2023-0173 [Resolución de Alcaldía]	16/03/2023 14:05	236/2023	Actuacións Urbanísticas
DECRETO 2023-0172 [Resolución de Alcaldía]	16/03/2023 13:36	235/2023	Actuacións Urbanísticas
DECRETO 2023-0171 [Resolución de Alcaldía]	16/03/2023 11:50	251/2023	Subvencións Solicitadas a Outra Administración
DECRETO 2023-0169 [Resolución de Alcaldía aprobando a Lista definitiva]	16/03/2023 11:02	516/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos



Valido
 Documento
 20230317 14:41
 JGL/2023/8
 Convocatoria de Mesa de Negociación

DECRETO 2023-0170 [Resolución de Alcaldía aprobando a Lista definitiva]	16/03/2023 11:02	511/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2023-0168 [Resolución de Alcaldía aprobando a Lista definitiva]	16/03/2023 10:58	524/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2023-0167 [Resolución de Alcaldía aprobando a Lista definitiva]	16/03/2023 10:58	517/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2023-0166 [Proposta de Orde de Execución]	15/03/2023 10:45	257/2023	Orde de Execución
DECRETO 2023-0165 [Resolución de alcaldía solicitudes admitidas E.M 2º trimestre]	14/03/2023 15:10	654/2022	Actividades ou Cursos
DECRETO 2023-0164 [Axudas POS 2023 Bases contrato Aux. Adm.-Resolución]	14/03/2023 14:12	250/2023	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2023-0163 [compromiso inclusión orzamentos 2023]	14/03/2023 11:42	212/2023	Procedemento Xenérico
DECRETO 2023-0162 [RESOLUCION CESE RELACION LABORAL (APROL 2022)]	13/03/2023 13:42	255/2023	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2023-0161 [CME XANEIRO 2023]	10/03/2023 9:36	164/2023	Liquidación
DECRETO 2023-0160 [Resolucion PPMP]	09/03/2023 18:12	46/2023	Procedemento Xenérico
DECRETO 2023-0159 [Decreto da convocatoria]	09/03/2023 14:32	JGL/2023/7	Convocatoria de A Xunta de Goberno Local
DECRETO 2023-0158 [PADRON SAF]	09/03/2023 10:44	243/2023	Padrón Fiscal
DECRETO 2023-0157 [Resolución Alcaldía]	08/03/2023 14:31	242/2023	Peticións de Espazos e Recursos
DECRETO 2023-0156 [Padrón auga 4º trimestre 2022]	08/03/2023 12:27	447/2022	Padrón Fiscal
DECRETO 2023-0155 [Resolución Alcaldía]	08/03/2023 10:07	232/2023	Peticións de Espazos e Recursos
DECRETO 2023-0154 [resolución renovación tarxetas estacionamento 006-2023]	07/03/2023 14:19	198/2023	Cartóns e Reservas de Aparcadoiro para Persoas en Situación de Dependencia
DECRETO 2023-0153 [DECRETO]	06/03/2023 17:16	648/2022	Padrón Fiscal
DECRETO 2023-0152 [Resolución de Alcaldía]	06/03/2023 16:42	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0151 [Resolución de Alcaldía]	06/03/2023 16:20	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0150 [Resolución de Alcaldía]	06/03/2023 15:45	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0149 [Resolución de Alcaldía]	06/03/2023 15:03	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0148 [Resolución de Alcaldía]	06/03/2023 14:52	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0147 [Resolución de Alcaldía]	06/03/2023 14:23	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades



DECRETO 2023-0082 [Resolución de Alcaldía]	09/02/2023 11:04	145/2023	Procedemento Xenérico
DECRETO 2023-0081 [Resolución de Alcaldía - DIANA PITA REGUEIRA 32742007N]	08/02/2023 9:52	141/2023	Procedemento Xenérico
DECRETO 2023-0080 [Decreto da convocatoria]	07/02/2023 15:12	PLN/2023/2	Convocatoria de O Pleno
DECRETO 2023-0079 [decreto alcaldía]	06/02/2023 13:55	648/2022	Padrón Fiscal
DECRETO 2023-0078 [PADRON SAF]	06/02/2023 13:55	136/2023	Padrón Fiscal
DECRETO 2023-0077 [Resolución Alcaldía]	06/02/2023 8:41	126/2023	Peticións de Espazos e Recursos
DECRETO 2023-0076 [Decreto nomeamento traballadora social]	03/02/2023 11:25	26/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2023-0075 [DECRETO DA ALCALDÍA PAGAMENTO XANTAR NA CASA 1T2021]	03/02/2023 11:15	125/2023	Servizos Sociais
DECRETO 2023-0074 [DECRETO DA ALCALDÍA PAGAMENTO XANTAR NA CASA 2T2022]	03/02/2023 10:59	423/2022	Servizos Sociais
DECRETO 2023-0073 [resolución tarxetas estacionamento 197-2022]	03/02/2023 9:15	52/2023	Cartóns e Reservas de Aparcadoiro para Persoas en Situación de Discapacidade
DECRETO 2023-0072 [Resolucion recurso reposicion bases administr secretaria]	02/02/2023 17:46	520/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2023-0071 [Decreto recurso reposición praza administrativa]	02/02/2023 16:43	27/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2023-0070 [Resolucion recurso de alzada]	02/02/2023 13:05	27/2022	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2023-0068 [Resolución de Alcaldía]	02/02/2023 13:03	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0069 [Resolución Alcaldía]	02/02/2023 13:03	113/2023	Peticións de Espazos e Recursos
DECRETO 2023-0067 [Resolución Alcaldía]	01/02/2023 14:01	114/2023	Peticións de Espazos e Recursos
DECRETO 2023-0065 [Resolución Alcaldía]	01/02/2023 13:04	110/2023	Peticións de Espazos e Recursos
DECRETO 2023-0066 [RESOLUCIÓN ALTA SAF DEPENDENCIA ELOY GONZÁLEZ DORREGO]	01/02/2023 13:04	108/2023	Servizos Sociais
DECRETO 2023-0064 [Resolución de Alcaldía]	31/01/2023 15:17	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0063 [Resolución de Alcaldía]	31/01/2023 14:40	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0062 [Decreto da convocatoria]	30/01/2023 17:46	JGL/2023/3	Convocatoria da Xunta de Goberno Local
DECRETO 2023-0061 [Resolución de Alcaldía]	30/01/2023 15:33	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0060 [Resolución de Alcaldía]	30/01/2023 15:30	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades



DECRETO 2023-0059 [Resolución de Alcaldía parcela 265]	30/01/2023 15:00	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0058 [Resolución de Alcaldía]	30/01/2023 14:06	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0057 [Resolución de Alcaldía de Adjudicación]	30/01/2023 14:06	542/2022	Contratacións
DECRETO 2023-0056 [Resolución de Alcaldía]	30/01/2023 13:56	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0055 [Resolución de Alcaldía]	30/01/2023 13:39	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0054 [Aprobación Certificación de obra]	30/01/2023 13:11	199/2022	Contratacións
DECRETO 2023-0053 [Resolución de Alcaldía PSS]	27/01/2023 14:49	558/2022	Contratacións
DECRETO 2023-0052 [Resolución de Alcaldía]	27/01/2023 13:42	97/2023	Procedemento Xenérico
DECRETO 2023-0051 [Resolución Alcaldía]	27/01/2023 13:11	96/2023	Peticións de Espazos e Recursos
DECRETO 2023-0050 [MODELO decreto- irpf modelo 190]	26/01/2023 16:50	93/2023	Nóminas
DECRETO 2023-0049 [resolucion alcaldia nominas xaneiro 2023]	26/01/2023 15:43	874/2022	Nóminas
DECRETO 2023-0048 [Resolución de Alcaldía]	26/01/2023 12:17	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0047 [Resolución de Alcaldía]	26/01/2023 10:07	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0046 [Resolución de Alcaldía]	25/01/2023 13:56	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0045 [Resolución de Alcaldía]	25/01/2023 13:27	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0044 [Resolución de Alcaldía]	24/01/2023 15:20	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0043 [Resolución de Alcaldía aprobando a Convocatoria e as Bases]	24/01/2023 12:25	82/2023	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
DECRETO 2023-0042 [Resolución de Alcaldía]	24/01/2023 10:50	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0041 [Resolución de Alcaldía]	24/01/2023 10:36	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0040 [Resolución de Alcaldía]	24/01/2023 10:36	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0039 [Resolución de Alcaldía]	24/01/2023 10:36	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0038 [Resolución de Alcaldía]	23/01/2023 14:31	12/2022-	Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades
DECRETO 2023-0037 [Resolución de Alcaldía]	23/01/2023 14:31	80/2023	Subvencións Solicitadas a Outra Administración
DECRETO 2023-0036 [Decreto da convocatoria]	23/01/2023 13:52	PLN/2023/1	Convocatoria do Pleno

Cod. Validação: 5FE14327-076-9747-V551-111-111
 Corrección: https://sede.cesga.gal/portal/validacion/5FE14327-076-9747-V551-111-111
 Documento: sinard - Estatuto do sistema xestión de residuos (2021) a 20

